

NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE CACHARELAS

1.- Cacharelas en terreos privados.

- ✍ As persoas que desexen realizar unha cacharela en terreos da súa propiedade poderán optar entre presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello **antes das 14:00 horas do sábado 13 de xuño**, sinalando o lugar elixido, así como tódolos datos que constan no modelo de solicitude, ou na páxina web do Concello, www.santiagodecompostela.org
- ✍ As/os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080).
- ✍ O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro nin un metro de altura.
- ✍ A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros.
- ✍ Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- ✍ Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- ✍ En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- ✍ Ao finalizar a cacharela as/os responsables coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.

2.- Cacharelas en espazo público

- ✍ As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do Concello **antes das 14:00 horas do sábado 13 de xuño**, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI dos responsables da organización ou comunidade, así como tódolos datos que constan no modelo de solicitude.

- ✍ A solicitude deberá de ir acompañada por un plano de situación do espazo público no que se vai situar a cacharela, así como da situación de tódolos elementos que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- ✍ As/os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080).
- ✍ O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro nin un metro de altura.
- ✍ A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- ✍ Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- ✍ Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- ✍ En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- ✍ No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de areas de 10 cm.
- ✍ Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas
- ✍ A hora límite para rematar a celebración é as 03.30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.
- ✍ Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden tolamente apagadas.
- ✍ Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade.

A concesión de solicitudes deberá de ser aprobada pola Xunta de Goberno Local, debendo de contar todas elas co visto bo do Servizo de Extinción de Incendios e da Policía Local, así como do informe favorable da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, as que estean situadas no seu ámbito de actuación.

Prohíbese expresamente a celebración de Cacharelas de San Xoán nas seguintes prazas: Praza do Obradoiro, Praza da Quintana, Praza do Toural, San Martiño Pinario e Praza de Cervantes.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta a Policía Municipal das infraccións.

Lembramos que o número de teléfono do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981-54 24 44.